

## ACTA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 18/10/2016

### Asistentes:

DIRECTOR: Euloxio Santos Leites  
XEFE ESTUDIOS: Anxo Rodríguez Rodríguez.  
SECRETARIA: Mercedes Couto García.  
PROFESORADO:  
Alonso Quevedo, Xosé Carlos Lago Dacosta, Antonio Fernando Comesaña  
PAS:  
Vázquez Salgado, Ángeles  
PAIS/NAIS:  
Fernández Fernández, M<sup>a</sup> Dolores Calvo Domingo, Almudena Costas Pérez, Ana

En Vigo, sendo as 18:30 horas do día 18 de Outubro de 2016, reúnenense na aula C3 os componentes do Consello escolar do IES Politécnico de Vigo, coa asistencia que a marxe se indica para tratar a seguinte

### **ORDE DO DÍA:**

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.
2. Aprobación, se proceder, da Programación Xeral Anual do Centro.
3. Informe do resultados das PAAU.
4. Eleccións ao Consello Escolar.
5. Rogos e preguntas

No primeiro punto da orde do día, a Secretaria Mercedes Couto dá lectura a acta do Consello escolar do día 15 de Setembro de 2016, aprobándose por unanimidade.

No segundo punto da orde do día, o Director informa sobre o contido da PXA do curso 2016/17, que previamente foi enviada a todos os compoñentes do consello escolar para o seu estudio. Procédese a subsanación de varias erratas, e a continuación sométese a votación a mesma, resultando aprobada por unanimidade.

No terceiro punto da orde do día, o Director informa do resultado das PAAU de Setembro, nas cales se presentaron 15 alumnos/as do Instituto, aprobando 13, resultado que se considera normal.

No cuarto punto da orde do día, o Director explica que saíu convocada a resolución para a renovación do Consello escolar no DOG do 4 de outubro. Toca renovar 1 representante da ANPA, 1 representante dos pais/nais, 4 alumnos/as e 4 profesores/as. Anímase aos distintos sectores a presentarse e dase a coñecer un borrador de calendario, que terá que ser ratificado pola Xunta electoral que se elixa o día 28 de Outubro. O prazo previsto para presentación de candidaturas irá dende o 9 ata o 16 de novembro, e o día das eleccións dos distintos sectores será o día 29 de novembro.

En rogos e preguntas, a nai Ana Costas Pérez, pregunta si como consecuencia da renovación do CE, deben renovarse tamén as distintas comisións deste, respondendo o director que deben designarse novas comisións aínda que estén formadas polas mesmas persoas

E non habendo máis rogos nin preguntas dase por finalizado o Consello Escolar sendo ás 19:10 horas, levántandose esta acta para dar constancia dos acordos adoptados.

Vigo a 18 de Outubro de 2016.

Asdo. A Secretaria  
Mercedes Couto García

Vº Bº O Director  
Euloxio Santos Leites

